

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Bases da convocatoria de axudas de estudos para alumnado de 2º ciclo de EI e CMUS. Curso 2024-2025

Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 21 de abril de 2025 aprobáronse as Bases da Convocatoria de Axudas de Estudos para alumnado de 2º ciclo de educación infantil e estudos de Grao Elemental ou Profesional no Conservatorio Profesional de Música de Carballo para o curso 2024-2025, que se publican para xeral coñecemento:

Bases da Convocatoria de axudas de estudos para alumnado de 2º ciclo de educación infantil e de estudos de Grao Elemental ou Profesional no Conservatorio Profesional de Música de Carballo. Curso 2024-2025.

PRIMEIRA.- Obxecto.

Co obxecto de axudar ás familias cunhas condicións socioeconómicas máis desfavorables a afrontar os gastos derivados da escolarización das súas fillas e fillos, o Concello de Carballo convoca as Axudas de Estudos para alumnado de 2º ciclo de educación infantil e de Grao Elemental ou Profesional do Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

SEGUNDA.- Beneficiarios/as.

Para ser beneficiario/a destas axudas será requisito indispensable que a/o beneficiaria/o e, cando menos un dos/as proxenitores/as estea empadroadado co beneficiario/a no termo municipal de Carballo, con veciñanza no municipio, ou emancipadas/os con domicilio neste municipio.

TERCEIRA.- Criterios de valoración.

Para a valoración de solicitudes destas axudas terase en conta a renda da unidade familiar do exercicio 2023 e a composición e situación da dita unidade de acordo co que se especifica a continuación:

1.- Ingresos máximos da unidade familiar: Poderán optar a unha axuda aqueles/as solicitantes cuns ingresos familiares anuais que non excedan as cantidades que se recollen na táboa seguinte segundo o número de membros computables da familia.

MÁXIMO DE INGRESOS FAMILIARES ANUAIS	
Familias de 1 membro computable	15.120 €
Familias de 2 membros computables	24.945 €
Familias de 3 membros computables	33.421 €
Familias de 4 membros computables	39.460 €
Familias de 5 membros computables	43.961 €
Familias de 6 membros computables	47.359 €
Familias de 7 membros computables	50.717 €
Familias de 8 membros computables	54.059 €

2.- Cálculo dos ingresos familiares: Os ingresos familiares calcularanse por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). Os membros da unidade familiar que presentasen Declaración do Imposto sobre a Renda de 2023, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os recadros 435 base imponible xeral e a 460 base imponible do aforro, cando non se presentase teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola AEAT.

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor.

3.- Renda per cápita: Para a valoración das solicitudes, a aqueles solicitantes que non superen os ingresos familiares anuais antes sinalados, calcularáselle a renda per cápita da unidade familiar, dividindo a renda familiar entre o número de membros computables da unidade familiar.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computarán por dous os membros da unidade familiar que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor.

4.- Membros computables da unidade familiar:

1. Para os efectos desta orde, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.

b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados que convivan no domicilio familiar. Terán a mesma consideración que as/os fillas/os as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.

c) As/os fillas/os maiores de idade discapacitados/as ou incapacitados/as xudicialmente, sempre que estean suxeitas/os á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

d) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.

e) As/os proxenitoras/es separadas/os legalmente ou divorciados/as con custodia compartida forman unha unidade familiar coas fillas/os que teñen en común, e polo tanto achegará os datos económicos dos/as dous/dúas proxenitores/as.

Nos supostos de custodia compartida en que cada un dos/as proxenitores/as queira solicitar a axuda por separado, achegará os seus datos e os da súa unidade familiar (na que tamén constará de ser o caso a persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a), en caso de resultar adxudicatario obterá o 50 % da axuda prevista.

f) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación de afectividade análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, agás nos casos de custodia compartida.

2. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

3. Non terá a consideración de membro computable:

a) A persoa proxenitora que non conviva co/a alumno/a nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.

b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

Terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar na data de finalización do prazo de presentación das solicitudes.

5.- Outras circunstancias dos membros da unidade familiar:

Se a persoa solicitante alegase outras circunstancias que poidan afectar a súa situación socioeconómica ou familiar, que pola súa especificidade non foran recollidas nestas bases, a Comisión cualificadora, se o considera relevante poderá ter en conta ditas circunstancias da persoa solicitante debidamente acreditadas (a modo de exemplo, e sen ánimo de exhaustividade, poderanse ter en conta casos como, falecementos na unidade familiar, casos nos que algún das/os proxenitoras/es non poida entregar a documentación ou asinar a solicitude por estar ausente temporalmente por motivos laborais ou xudiciais, etc.).

CUARTA.- Crédito.

O crédito total destinado á concesión de axudas de estudos para alumnado de 2º ciclo de educación infantil e de Conservatorio Profesional de Música de Carballo para o ano 2024-2025 ascende a setenta mil euros (70.000 €). Este importe irá con cargo á aplicación orzamentaria 3200.48100 do Orzamento Xeral do Concello. Este importe distribuirase do seguinte xeito:

Para alumnado que cursen estudos de segundo ciclo de educación infantil: trescentas vinte axudas de douscentos euros (200 €) cada unha, que en total ascenden á cantidade de 64.000,00 €.

Para alumnado que estea cursando estudos de Grao Elemental ou Profesional no Conservatorio Profesional de Música de Carballo: Seis mil euros (6.000,00 €). O importe individual da axuda para alumnado do Conservatorio Profesional de Música de Carballo ascenderá ao 50% do custe da súa matrícula dunha soa especialidade para o curso completo, non tendo en conta as materias soltas ou pendentas.

Unha vez realizada a adxudicación a todos/as os/as solicitantes que cumpran os requisitos, se nalgunha das liñas de axuda quedara crédito dispoñible este poderá dedicarse á concesión de axudas a outra liña.

QUINTA.- Solicitudes.

1.-As solicitudes presentaranse no modelo normalizado (anexo I) no Rexistro Xeral ou na Sede electrónica do Concello de Carballo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). No caso de solicitar axuda para máis dun fillo/a, xa sexa por vía electrónica ou de forma presencial presentarase un rexistro de solicitude por beneficiaria/o.

O modelo normalizado, que figura como anexo I a estas bases, estará dispoñible no Rexistro Xeral do Concello, nos Rexistros Auxiliares e na páxina web, e nel constará:

a) Nome, NIF, enderezo postal e electrónico e teléfono da persoa solicitante (nai, pai ou titor/a encargado/a da garda e protección do menor).

b) Nome, NIF, centro educativo e curso da persoa beneficiaria.

c) Relación dos membros da unidade familiar: nome, NIF, data de nacemento, ocupación e se teñen recoñecida ou non unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

d) Ingresos da unidade familiar no ano 2023.

e) Declaración responsable de que non percibe outras axudas ou bolsas ao ensino de calquera tipo ou, no caso de telas solicitado e non ter aínda resposta, indicar a que organismo.

f) Declaración responsable conforme se está ao corrente das obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria e co Concello de Carballo.

g) Nome, NIF e sinatura de todos os membros computables da unidade familiar maiores de idade, autorizando ao Concello de Carballo a comprobar a veracidade dos datos expostos na solicitude ou a facer as consultas que procedan a outras administracións públicas ou privadas para obter a información que resulte precisa para a valoración das axudas, así como autorización ao Concello de Carballo a obter os datos relativos ao nivel de renda e aos datos sobre os ingresos que posúe a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

h) Lugar, data e sinatura da persoa solicitante e cónxuxe.

En caso de que queiran presentar varias solicitudes, xa sexa por vía electrónica ou de forma presencial presentarase un rexistro por solicitude.

2.-Documentación

Co impreso de solicitude aportarase a seguinte documentación:

a) Libro de familia ou Certificado de Nacemento. No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos que acrediten os membros da unidade familiar.

b) En caso de separación ou divorcio, deberán achegar sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a beneficiario/a.

c) DNI ou NIF provisional do/a beneficiario/a.

d) No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude presentará algún dos seguintes documentos:

-Certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.

-Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.

-Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez.

-Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

e) Xustificante de titularidade onde constará o número de conta (co IBAN) a nome do/a beneficiario/a da axuda. Cando o beneficiario/a fose menor de idade admitírase tamén unha conta corrente de titularidade dos pais/titores que ostenten a patria potestade.

f) Documentación acreditativa de calquera outra circunstancia que se alegue para que se teña en conta nos criterios de concesión.

3.-Para a tramitación deste procedemento, o Concello consultará de oficio sen necesidade da súa achega documental polo interesado, os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) Volante de empadramento colectivo no Concello de Carballo ou certificado de convivencia.

b) O alumnado de Educación Infantil, informe ou documento dos centros educativos sobre a matrícula para o curso 2024-2025.

c) O alumnado do Conservatorio Profesional de Música de Carballo, matrícula de Grao Elemental ou Profesional no Conservatorio Profesional de Música de Carballo para o curso 2024-2025.

d) Declaración do Imposto sobre a Renda do 2023 (IRPF) de todos os membros computables da unidade familiar.

No caso de que as persoas interesadas (a persoa solicitante e os membros computables da unidade familiar) se opoñan a esta consulta deberán indicalo no formulario de solicitude e, nese caso, aportar a documentación precisa para obter os datos necesarios.

En caso de existir disparidade entre a información consignada polo solicitante no impreso de solicitude (ben por estar incompletos ou por non cubrir os datos nas caixas correspondentes) teranse en conta os documentos de carácter oficial presentados polo interesado ou obtidos doutras administracións polo órgano xestor, así como cando non se presentasen teranse en conta os ingresos e acordo cos os datos tributarios ou os ingresos facilitados pola AEAT ou outros documentos.

Terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar na data de finalización do prazo de presentación das solicitudes. A documentación que se presente deberá ter validez na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes presentadas serán revisadas e examinadas polos servizos técnicos municipais, no caso de que se detecten defectos emendables aos que a administración non teña acceso seranlle requiridos a/o solicitante para que no prazo de dez días procedan á súa reparación.

A presentación de solicitude da axuda implicará a autorización ao Concello de Carballo para comprobar a veracidade dos datos ou para facer as consultas a outras administracións que considere oportunas para solicitar a información necesaria para a adxudicación da axuda, sendo necesaria tamén a autorización do resto dos membros computables da unidade familiar que obteñan ingresos, que deberán asinar para tal fin no impreso de solicitude e indicar o seu NIF.

SEXTA.- Outorgamento da axuda.

As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo cos criterios de outorgamento especificados nestas Bases.

Para a concesión das axudas as solicitudes ordenaranse de menor a maior en función da renda per cápita, concedéndose a axuda a aqueles solicitantes cunha renda per cápita inferior, ata a concesión de todas as axudas que cumpran cos requisitos aprobados e crédito dispoñible. Se o número de solicitudes que cumpran cos requisitos establecidos é inferior ao máximo de axudas previstas na convocatoria, e teñen dereito á axuda establecida, non será necesario establecer a orde de prelación.

A concesión das axudas realizarase en réxime de concorrència competitiva e resolverá a Xunta de Goberno Local, logo da proposta motivada da Comisión avaliadora correspondente. A dita comisión estará formada por:

Presidenta: Concelleira delegada de Educación.

Vogais: Dous Concelleiros delegados.

Na Comisión avaliadora actuará como secretario/a, sen voto, un/unha funcionario/a da unidade administrativa á que lle corresponda a súa tramitación, podendo actuar como informador/a a/o traballador/a do servizo de Cultura que colabore na tramitación da mesma.

O acordo de concesión e denegación das axudas farase pública no taboleiro electrónico do Concello de Carballo. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte da publicación no taboleiro electrónico de anuncios do Concello de Carballo, ou ben directamente recurso contencioso administrativo no prezo de dous meses a contar dende a mesma data indicada, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña.

No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, Xeral de Subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión das subvencións.

SÉTIMA.- Xustificación e aboamento.

Ao abeiro do previsto no artigo 28.9 da Lei 9/07, de 13 de Xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións que se concedan en atención á concorrència dunha determinada situación no perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito da devandita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que tivesen podido establecerse para verificar a súa existencia.

En consecuencia, nesta convocatoria, para as axudas destinadas a segundo ciclo de educación infantil, non se esixirá a presentación dunha xustificación por parte dos solicitantes.

O alumnado de Grao Elemental e Profesional do Conservatorio deberá ter aboadas as cotas de matrícula que lle correspondan.

O pagamento das axudas efectuarase unha vez resolto a concesión das mesmas e previa fiscalización de intervención.

Facendo uso da facultade atribuída polo artigo 219.2 do TRLRFL, e o reflectido nas bases de execución do orzamento municipal, a fiscalización e intervención previa da documentación para a concesión destas axudas, farase sobre unha mostra representativa da totalidade se subvencións que se propón conceder e os resultados de dita fiscalización reflectiranse no informe de intervención.

OITAVA.- Obrigas.

As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas a destinar a axuda á finalidade para a que se concede, podendo o Concello solicitarlle que acredite ante a entidade que concede o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou aproveitamento da axuda.

Estas axudas son incompatibles con calquera outra que teña a mesma finalidade ou para os mesmos estudos que puideran recibirse doutras entidades ou persoas públicas ou privadas. Polo tanto, as persoas beneficiarias das axudas deberán comunicarlle ao Concello de Carballo a obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

As axudas do Conservatorio son compatibles con axudas ou bolsas para outros estudos.

O Concello poderá esixir a devolución da axuda se ten coñecemento de que a/o beneficiaria/o obtivo outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade ou se este non realizou os estudos para os que se concedeu a axuda, podendo esixir certificación acreditativa de que os estudos se cursaron.

Os/as beneficiarios/as deberán someterse ás actuacións de comprobación do Concello e ás de control financeiro que corresponde á Intervención Municipal así como facilitar toda a información que lle sexa requirida.

NOVENA.- Datos de carácter persoal

Información sobre protección de datos persoais (RXPd 2016/679 e LOPDGDD 3/2018) Responsable do tratamento: Concello de Carballo (P1501900C); Finalidade do tratamento: A xestión da solicitude de axudas de estudos para alumnado de Educación Infantil e Conservatorio Profesional de Música de Carballo e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma; Lexitimación para o tratamento: O consentimento do interesado (artigo 6.1,a do RXPd), o cumprimento dunha obrigaación legal aplicable ao Responsable (artigo 6.1,c do RXPd) e o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RXPd); Destinatarios dos datos: O Rexistro Público de Subvencións de Galicia, a Base de Datos Nacional de Subvencións e outras Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude; Prazo de conservación: Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigações legais do Responsable; Exercicio de dereitos: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da sección de "Protección de Datos" na sede electrónica; Contacto delegado de protección de datos e información adicional: Formulario de contacto del DPD en sede electrónica ou dpd@carballo.gal

DÉCIMA.- Normativa.

Con respecto ao non previsto nestas bases aplicárase supletoriamente, en primeiro lugar, o disposto na Orde do 7 de maio de 2024 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de textos e axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar 2024/25, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e, en segundo lugar no disposto nas Convocatorias de becas de carácter xeral para o curso académico 2024/25 do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Ademais aplicárase supletoriamente:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e a súa normativa de desenvolvemento.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Carballo.
- Bases de execución do orzamento do Concello de Carballo.

Carballo, 23 de abril de 2025

Evencio Ferrero Rodríguez

Alcalde de Carballo

Anexo I

CONCELLARÍA DE CULTURA
Pazo da Cultura. Rúa do Pan, s/n Carballo
(A Coruña)
981 704 300
www.carballo.gal

IMPRESO DE SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE AXUDAS DE ESTUDOS PARA ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DE GRAO ELEMENTAL OU PROFESIONAL NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CARBALLO. Curso 2024-2025

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (PAI, NAI OU TITOR/A ENCARGADO/A DA GARDA E PROTECCIÓN DO/A MENOR)	
NOME E APELIDOS	NIF
ENDEREZO	TELÉFONO 1
	TELÉFONO 2
ENDEREZO ELECTRÓNICO	

Cofecedor da Convocatoria de "Axudas de Estudos para alumnado de 2º ciclo de educación infantil e de grao elemental e profesional do Conservatorio Profesional de Música de Carballo" para o curso 2024-2025.

EXPOÑO

QUE O MEU FILLO/A (NOME E APELIDOS)	
ESTÁ CURSANDO ESTUDOS DE (SINALE O QUE PROCEDA):	
☐ 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL	
☐ CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE CARBALLO	
CURSO	CENTRO EDUCATIVO

MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR					
(Incluíranse os datos das/os fillas/os menores de idade a excepción dos emancipados, das/os fillas/os maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial, e os das/os fillas/os menores de vinte e cinco anos que convivan no domicilio familiar)					
PARENTESCO	NOME E APELIDOS	NIF	DATA DE NACEMENTO	OCUPACIÓN	GRAO DE DISCAPACIDADE
Solicitante Pai/ nai/ titor/a					
Cónxuxe/ análogo					
Beneficiario/a					
Fillo /a					
Fillo /a					
Fillo /a					

DATOS ECONÓMICOS		
INGRESOS DE TODOS OS MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR (ANO 2023)		
NOME E APELIDOS	NIF	-Declaración do IRPF sumatoria dos recadros 435 e 460 -Ingresos de acordo aos datos tributarios que consten na AEAT
TOTAL DOS INGRESOS ANUAIS (suma dos ingresos de todos os membros da unidade familiar)		

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA
Que acepta as bases da convocatoria, que cumpre os requisitos esixidos nela, que se atopa ao día das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social, que non ten ningunha débeda co Concello de Carballo e que son certos todos os datos indicados na solicitude.

Así mesmo declara que:
O meu fillo/a _____
(sinalar a opción que proceda)

____ Non ten solicitado ningunha bolsa ou axuda para o curso 2024-2025

____ Ten solicitado, sen obter aínda resposta, as seguintes bolsa/s ou axuda/s para o curso 2023-2024, aos organismos:

____ MEC ____ outros (especificar) _____

Finalidade da bolsa ou axuda: _____

Carballo a ____ de ____ de 2025

SINATURA

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CARBALLO POIDA SOLICITAR DATOS Á OUTRAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS INCLUÍDA A AXENCIA TRIBUTARIA
Os abaixo asinantes **AUTORIZAN** ao Concello de Carballo a comprobar a veracidade dos datos declarados na solicitude ou facer as consultas que procedan ás administración públicas ou privadas para obter a información que resulte precisa para a valoración das axudas.
Así mesmo autorizan ao Concello de Carballo a obter os datos da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou certificado tributario de imputacións do exercicio 2023 que posúe a Axencia Tributaria para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos nesta convocatoria. No caso de que algún membro da unidade familiar se opoña a esta, deberá indicalo expresamente e achegará unha copia dos documentos.

Deberán asinar todos os membros computables maiores de idade

PARENTESCO	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA
Solicitante Pai/ nai/ titor/a			
Cónxuxe/ análogo			
Outros membros computables (irmáns maiores de idade,etc)			

Carballo, ____ de ____ de 2025

A presente autorización outórgase exclusivamente aos efectos de recoñecemento, seguindo o control dos requisitos establecidos no procedemento administrativo mencionado anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 95.1 k) da Ley 58/2003, General Tributaria, que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

NOTA: a autorización concedida polos asinantes pode ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao organismo solicitante.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA (sinalar a que proceda cunha X)																																															
Copia do Libro de Familia onde figuren todos os membros ou Certificado Literal de Nacemento																																															
Fotocopia do DNI ou NIF provisional da/o beneficiaria/o																																															
No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, algúns dos seguintes documentos: -Certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33% -Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade. -Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez. -Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade																																															
Número de conta (co IBAN) a nome do/a beneficiario/a ou solicitante da axuda <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> <td style="width: 20px; height: 20px;"></td> </tr> </table> Certificación de titularidade do número de conta (IBAN) a nome da/o beneficiaria/o ou solicitante da axuda. (Non será necesario se o beneficiario/a xa foi beneficiaria/o desta axuda no 2023/24 e se o nº de conta non sufriu variación) Ticar cunha X o que proceda: _____ Xa se presentou con anterioridade _____ Preséntase																																															
Convenio regulador onde conste a atribución da custodia da/o menor																																															
OUTRA DOCUMENTACIÓN (especificar documento)																																															

E por todo o exposto anteriormente,

SOLICITO: Que sexa concedida a devandita axuda polo concepto que se sinala a continuación:

Axuda de estudos EI

Axuda de Conservatorio

Solicitante Pai/nai/titor/a	
Cónxuxe/análogo	

Carballo, de de 2025

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABALLÓ

IMPORTANTE:
É imprescindible entregar a solicitude con todos os epígrafes cubertos.
LUGAR DE ENTREGA DAS SOLICITUDES:
Sede electrónica, Rexistro Xeral do Concello de Carballo ou Rexistros auxiliares
PRAZO DE ENTREGA DAS SOLICITUDES:
No prazo dun mes desde a publicación do extracto da convocatoria no BOP a través da BDNS

A presentación de solicitudes para esta convocatoria implicará a autorización ao Concello de Carballo para facer as consultas a outras administracións que considere oportunas para solicitar información.

Información sobre protección de datos persoais (RXPD 2016/679 e LOPDGGD 3/2018) Responsable do tratamento: Concello de Carballo (P1501900C); Finalidade do tratamento: A xestión da solicitude de axudas de estudos para alumnado de Educación Infantil e Conservatorio Profesional de Música de Carballo e a tramitación administrativa que no seu caso se poida derivar da mesma; Lexitimación para o tratamento: O consentimento do interesado (artigo 6.1.a do RXPD), o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao Responsable (artigo 6.1.c do RXPD) e o exercicio de poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1.e do RXPD); Destinatarios dos datos: O Rexistro Público de Subvencións de Galicia, a Base de Datos Nacional de Subvencións e outras Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a xestión da súa solicitude; Prazo de conservación: Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coas obrigacións legais do Responsable; Exercicio de dereitos: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da sección de "Protección de Datos" na sede electrónica; Contacto delegado de protección de datos e información adicional: Formulario de contacto del DPD en sede electrónica ou dpd@carballo.gal

2025/2547